

Luns, 18 de decembro de 2023

Núm. 241

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BUEU

Subvencións e axudas

CONVOCATORIA I CERTAME DE DECORACIÓN BUEU SENTE O NADAL DO CONCELLO DE BUEU

"BASES I CONCURSO DECORACIÓN "BUEU, SENTE O NADAL"

1º OBXECTIVO

O obxectivo principal deste concurso, organizado polo Concello de Bueu, é fomentar a participación da veciñanza de Bueu na decoración da vila durante as festas do Nadal 2023/2024 a través da ornamentación de vivendas, fachadas, balcóns, rúas, prazas ou escaparates comerciais. Así, preténdese contribuír a animar a participación veciñal ao mesmo tempo que se reforza o ambiente festivo da vila nas datas sinaladas. Ademais, o concurso procura fomentar a creación artística en diversos niveis e en consonancia co respecto ao medio ambiente.

2º ORZAMENTO DISPOÑIBLE

O premio terá unha dotación máxima de 1.500 €, comprometéndose a imputación desta cantidade ao orzamento xeral do Concello de Bueu para o exercicio 2024 e a acreditación da existencia de crédito axeitado e suficiente con cargo á partida 334.48100 ("Promoción Cultural. Premios e Becas"). A dotación do premio estará suxeita ao tratamento fiscal en vigor no momento da concesión.

3º CONCORRENCIA COMPETITIVA

Os premios inherentes a este concurso concederanse en réxime de concorrencia competitiva, previo estudo e valoración por parte do xurado.

4º PARTICIPANTES

Poderán participar neste concurso todas aquelas persoas maiores de idade con residencia no municipio de Bueu, de maneira individual ou a través de asociacións ou comunidades veciñais que dispoñan de NIF. Tamén poderán facelo establecementos comerciais ou de hostalaría que se atopen unicamente dentro do termo municipal do Concello de Bueu.

5º CATEGORÍAS E PREMIOS

- *Categoría Individual:* fachadas de vivendas individuais, balcóns, fiestras ou xardíns.



Luns, 18 de decembro de 2023

Núm. 241

- *Colectiva Asociacións/Comunidade Veciñais*: fachadas de edificios, espazos como rúas, prazas. As asociacións tamén poderán decorar os locais municipais nos que realizan habitualmente as súas actividades.
- *Escaparates comerciais e hostalaría*: decoración de escaparates exteriores de establecementos e hostalaría. Os obxectos de venda que se atopen nos escaparates poderán ser modificados durante o período do concurso, sempre e cando non se modifique a decoración de Nadal do escaparate.

Os premios serán aboados mediante transferencia en conta bancaria, coa comprobación de previa de que a persoa ou entidade gañadora estea ao corrente coas obrigas tributarias coa facenda galega e estatal, a Seguridade Social e o Concello de Bueu.

Categoría individual:

- 1º Premio 200 euros
- 2º Premio 100 euros
- 3º Premio 50 euros

Categoría colectiva:

- 1º Premio 300 euros
- 2º Premio 200 euros
- 3º Premio 100 euros

Categoría escaparates comerciais:

- 1º Premio 300 euros
- 2º Premio 150 euros
- 3º Premio 100 euros

6º MATERIAIS EMPREGADOS

A decoración utilizada terá que ver con motivos do Nadal, con liberdade na técnica empregada. Non se poderán empregar aquelas que causen perigos, estando excluído o emprego de lume, elementos de pirotecnia ou calquera outro que poida resultar perigoso. Poderanse empregar elementos iluminativos para realzar os motivos. As persoas participantes serán as encargadas da montaxe, desmontaxe, mantemento e seguridade dos elementos decorativos.

No caso de dano pola caída dalgún elemento ornamental ou parte deste á vía pública será responsabilidade do particular ou colectivo que montou a decoración. Os desperfectos nos materiais teñen que ser reparados, substituídos ou retirados. Se a decoración é colocada nun espazo público (praza ou rúa), as persoas participantes deben facer unha solicitude previa en Rexistro indicando o espazo que queren decorar.

A decoración empregada non poderá causar molestias na rúa nin obstruír o tránsito de viandantes e tráfico. Os elementos deberán estar ben fixados e sen poñer en risco a seguridade de vehículos ou viandantes. É imprescindible que a decoración sexa visible desde a vía pública.



Luns, 18 de decembro de 2023

Núm. 241

7º INSCRICIÓN

As persoas interesadas en participar no concurso, deberán formalizar as súas inscricións gratuitamente dende a data de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) ata o 22 de decembro de 2023 no Rexistro do Concello de Bueu ou a través da sede electrónica <https://bueu.sedelectronica.gal/info.1>. No caso de asociacións deben inscribirse a través da Sede Electrónica achegando unha instancia xeral e achegando o anexo de inscrición debidamente cuberto.

Deben indicar a categoría na que se inscriben. Non se admiten solicitudes que foran presentadas fóra do prazo mencionado. A presentación das solicitudes farase preferiblemente a través de medios electrónicos, sede electrónica do Concello de Bueu ou no Rexistro.

8º CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

A decoración deberá estar exposta como mínimo desde o venres 22 de decembro de 2023 e non poderá retirarse antes do sábado 6 de xaneiro de 2024. Terá que aparecer nela unha indicación ou outra maneira de representación na que conste a participación no concurso "Bueu, sente o Nadal".

As persoas ou entidades participantes deberán enviar un correo electrónico ao enderezo cultura@concellodebueu.gal coas fotografías da decoración. No correo tamén deben incluír os datos da persoa/colectivo/establecemento participante, número de teléfono de contacto, enderezo da instalación e a categoría na que participa. O prazo para o envío das fotografías remata o venres 29 de decembro ás 23:00 horas.

As persoas participantes ceden o dereito das imaxes das decoracións para a súa publicación na páxina web, redes sociais e medios de comunicación que se estimen. Ademais, autorizan a publicación dos datos no caso de resultaren gañadoras.

9º ÓRGANO COMPETENTE PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

O procedemento de instrución e resolución levarase a cabo no Departamento de Cultura, nos termos que se regulan nos artigos 23 a 27 da Lei Xeral de Subvencións.

10º XURADO

O xurado estará integrado por entre 3 e 5 persoas e que valorarán as decoracións presentadas a concurso e que terán en conta os seguintes criterios:

- Orixinalidade e deseño
- Iluminación
- Materiais reciclables empregados
- Temática
- Fomento dos valores locais



Luns, 18 de decembro de 2023

Núm. 241

Cada persoa do xurado emitirá a súa valoración nunha acta e valorará cada criterio do 1 ao 5, resultando gañadora a proposta que sume máis puntos. En caso de empate, decidirse en función da proposta que acadara máis veces a puntuación máxima e así sucesivamente. O xurado levantará acta de valoración e poderá declarar desertos os premios se considera que non se consegue un nivel mínimo de calidade.

Ademais de recibir as fotografías, o xurado visitará sen previo aviso os balcóns, xanelas, fachadas, xardíns, escaparates ou espazos que participen no concurso durante a duración do mesmo.

O fallo do xurado, que será inapelable, farase público na páxina web e nas redes sociais do Concello de Bueu. As persoas gañadoras serán avisadas telefonicamente unha vez coñecida a resolución do xurado.

11º ACEPTACIÓN DE BASES E PROTECCIÓN DE DATOS

A participación no concurso implica a aceptación total das bases desta convocatoria. A súa interpretación correspóndelle exclusivamente ao xurado. As persoas que se presentan a este concurso autorizan expresamente o Concello de Bueu ao uso dos datos persoais achegados para os efectos relacionados co certame.

De conformidade co Regulamento xeral de protección de datos 2016/679 do Parlamento Europeo, do 27 de abril de 2016, e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais obtidos serán incorporados a un ficheiro responsabilidade do Concello de Bueu cuxa finalidade é a xestión do presente concurso.

Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación do tratamento ou calquera outro establecido na normativa vixente mediante un escrito dirixido ao Concello de Bueu a través do correo electrónico concello@concellodebueu.gal.

Os autores/as ceden os dereitos de reprodución pública ao Concello a efectos de difusión da convocatoria e do fallo do xurado, tanto en medios escritos como electrónicos.

12º INCUMPRIMENTO

O incumprimento dalgunha das bases provocará a descualificación no concurso.

13º RECURSOS

Contra o acordo da aprobación destas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 112 e seguintes e 124 e seguintes da LPACAP) ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo perante o correspondente xulgado de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, todo isto no prazo establecido no artigo 46 da citada lei, sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.



Luns, 18 de decembro de 2023

Núm. 241

ANEXO 1

SOLICITUDE INSCRICIÓN I CONCURSO DECORACIÓN NADAL

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome e apelidos: _____

DNI/CIF: _____

Enderezo: _____

Número de teléfono: _____

Enderezo electrónico: _____

CATEGORÍA NA QUE PARTICIPA:

INDIVIDUAL

COLECTIVA

Comunidade veciñal. Nome do edificio e enderezo:

Asociación. Nome da asociación e lugar a decorar:

ESCAPARATES COMERCIAIS

Nome do establecemento e enderezo:

ADXUNTA fotocopia do DNI e **DECLARA RESPONSABLEMENTE:**

1. Que os datos facilitados no presente Anexo son certos.
2. Non estar incurso/a en ningún dos supostos de incapacidade, incompatibilidade ou prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
3. Que estou ao corrente coas obrigas tributarias co Estado, a Seguridade Social e o Concello de Bueu, comprometéndome a presentar os certificados correspondentes cando me sexan requiridos, no caso de que resulte gañador ou gañadora dalgún dos premios, así como o correspondente número de conta e certificado de titularidade da mesma, para o ingreso do premio.



Luns, 18 de decembro de 2023

Núm. 241

Esta declaración é exclusiva aos efectos de participación e concesión, no caso de resultaren gañadores, dos premios regulados na convocatoria CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL “BUEU SENTE O NADAL”.

E para que conste, asino en Bueu,
a.....de.....de.....

SINATURA

NOTA DE LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS.

De conformidade co Regulamento xeral de protección de datos 2016/679 do Parlamento Europeo, do 27 de abril de 2016, e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais obtidos serán incorporados a un ficheiro responsabilidade do Concello de Bueu cuxa finalidade é a xestión do presente concurso.

Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación do tratamento ou calquera outro establecido na normativa vixente mediante un escrito dirixido ao Concello de Bueu a través do correo electrónico concello@concellodebueu.gal.

